



Regulamento de concesión de doutorados *honoris causa*

(Aprobado na sesión do Claustro Universitario do día 21 de decembro de 2006)

O artigo 163 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela prevé a concesión do doutorado *honoris causa* como un xeito de honrar e distinguir a persoas sobranceiras, e atribúe ao Claustro Universitario a competencia de elaborar un regulamento no que se estableza o procedemento de concesión. Con este fin, e coa intención de salvagardar o prestixio da distinción e axustala á realidade plural da nosa Universidade, o Claustro Universitario aproba o seguinte regulamento.

Art. 1. *Concesión*

1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá concede-lo grao de doutor *honoris causa* a persoas físicas sobranceiras no eido da investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras, ou ben daquelas actividades que tivesen unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario no terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico e social.
2. Na decisión sobre o nomeamento de doutores *honoris causa* valorarase preferentemente, ademais dos méritos do candidato, a súa contribución ao progreso da Universidade de Santiago de Compostela.
3. O nomeamento de doutor *honoris causa* expedirao o reitor.

Art. 2. *Procedemento*

1. Correspóndelle ao Consello de Goberno aprobar as propostas de concesión dos doutorados *honoris causa*. As candidaturas aprobadas deberán someterse a ratificación do pleno do Claustro Universitario.
2. Poderán formular propostas de doutores *honoris causa* o reitor, o Consello Social, os consellos de departamento e as xuntas de goberno dos institutos de investigación. As propostas dos departamentos e institutos deberán contar co informe preceptivo favorable de alomenos unha xunta de facultade ou escola e ser aprobadas pola maioría absoluta dos membros do respectivo consello de departamento ou xunta de goberno do instituto. Os órganos proponentes poderán tomar en consideración as solicitudes que individual ou colectivamente lles fagan os profesores, estudantes e persoal de administración e servizos da USC.
3. As propostas de concesión deberán acompañarse dunha memoria que incluírá, ademais dos informes necesarios, un *curriculum* completo do candidato e unha xustificación dos seus méritos e, de ser o caso, da súa vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela.
4. Os proponentes designarán un profesor doutor da Universidade de Santiago de Compostela para que defenda a proposta perante os órganos colexiados que deban pronunciarse sobre ela, cando a súa presenza fose solicitada por ditos órganos.
5. As propostas de concesión que non foran aprobadas polo Consello de Goberno ou ratificadas polo Claustro Universitario poderán ser sometidas outro ano á consideración deses órganos sen necesidade de achegar de novo o expediente ao que se refire o apartado 2 do artigo 2. Non obstante poderán engadirse os informes ou documentos complementarios que se consideren oportunos.

Art. 3. Número e distribución

1. O Consello de Goberno poderá acordar cada ano o nomeamento dun máximo de dous doutores *honoris causa*. A este fin, o Consello de Goberno estudiará as candidaturas preferentemente no cuarto trimestre de cada ano. Non obstante, o Consello de Goberno poderá acordar, por maioría absoluta e con carácter excepcional, o nomeamento de máis de dous doutores *honoris causa* no mesmo ano cando considere que as características das propostas así o xustifican.
2. Na concesión de doutorados *honoris causa* teranse en conta as áreas de coñecemento ás que corresponden as candidaturas aprobadas con anterioridade, co fin de procurar certa distribución entre as distintas áreas de coñecemento e grandes áreas científicas. Só en casos excepcionais poderá concederse máis dun doutorado *honoris causa* na mesma área de coñecemento en períodos de tres anos consecutivos.

Art. 4. Nomeamento e investidura

1. Outorgado o grao de doutor *honoris causa* polo Consello de Goberno e ratificado polo Claustro Universitario, e unha vez obtida a aceptación do candidato, procederá o seu nomeamento polo reitor e a súa investidura.
2. A investidura dos novos doutores *honoris causa* terá lugar nun acto académico solemne que será organizado pola Secretaría Xeral da Universidade.
3. O reitor, tendo en conta a proposta de concesión, designará a persoa que actuará como padriño ou madriña do novo doutor *honoris causa* no seu acto de investidura.

Disposición Transitoria

As concesións de doutorados *honoris causa* aprobadas pola Xunta de Goberno ou o Consello de Goberno con anterioridade á entrada en vigor do presente Regulamento non serán determinantes na valoración de novas candidaturas para a aplicación do criterio de distribución expresado no artigo 3.

Disposición Final

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario.